

A representación da Terra e a orientación

Nome _____ Data _____


REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os **globos terráqueos** e os **mapas** son representacións do noso planeta. Os mapas e os planos informan do territorio que representan mediante distintos elementos. Existen varios tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos. Para poder orientarse nun lugar, é imprescindible localizar os **puntos cardinais**: norte, sur, leste e oeste.

1 Explica as diferenzas entre un globo terráqueo e un mapa.

2 Sinala os elementos do globo terráqueo.

- A. Eixe de rotación
- B. Polo Norte
- C. Polo Sur
- D. Ecuador
- E. Hemisferio norte
- F. Hemisferio sur



3 Indica a que elemento do mapa ou plano se refire cada frase.

- Serve para orientarnos no mapa ou no plano: _____
- Son os textos do mapa ou do plano: _____
- Explica os símbolos e as cores utilizadas: _____
- Indica cantas veces se reduciu o territorio: _____


4 Contesta as preguntas.

- Cales son os puntos cardinais? _____

- Por que punto cardinal sae o Sol? _____
- Por cal se pon o Sol? _____

5 Se estamos nun bosque, como poderíamos localizar o norte?

6 Escribe o nome do relevo ou do río a que fai referencia cada número.



1 _____

2 _____

3 _____

4 _____

5 _____

6 _____

7 _____

8 _____